

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

10740 *ORDE APA/1901/2006, do 14 de xuño, pola que se modifica a Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.* («BOE» 143, do 16-6-2006.)

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, que establece medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

En outubro de 2004, o programa de vixilancia da lingua azul previsto no artigo 11.1.b) do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, puxo de manifesto a circulación do virus da lingua azul na parte sudoriental da península ibérica. Após un silencio epizootiolóxico desde finais de 2004, a enfermidade reemerxeu na península en xullo de 2005, cesando a circulación viral novamente en decembro de 2005, ao deterse a actividade dos vectores transmisores dela.

As medidas de protección a nivel comunitario foron adoptadas mediante a Decisión 2005/393/CE da Comisión, do 23 de maio de 2005, relativa ás zonas de protección e vixilancia en relación coa febre catarral ovina e as condicións que se aplican aos traslados de animais desde estas zonas ou a través delas, cuxa última modificación a constitúe a Decisión 2006/273/CE, da Comisión, do 6 de abril de 2006 no que respecta ás zonas restrinxidas en relación coa febre catarral ovina en España, que exclúe as Illas Baleares da lista de zonas restrinxidas.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, adoptáronse medidas nacionais específicas a través de diversas ordes, a última das cales é a Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

En función dos datos existentes, é preciso variar a zona restrinxida engadindo 6 novas comarcas veterinarias na Comunidade de Madrid e unha na de Castilla-La Mancha, sen que se poida esperar pola modificación da normativa comunitaria para isto perante a necesidade de vacinar os animais sensibles desa zona o antes posible para previr unha posible extensión da enfermidade, a un tempo que se realizan aclaracións puntuais no que se refire ao movemento dos animais para vida, dos touros de lida destinados a espectáculos taurinos e dos animais da especie equina, para deixar claro que se refire sempre ao movemento desde zona restrinxida a zona libre.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, dispoño:

Artigo único. *Modificación da Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.*

A Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, queda modificada como segue:

Un. O artigo 2.2.a) substitúese polo seguinte:

«a) Zona restrinxida: a Comunidade Autónoma de Extremadura, as cidades de Ceuta e Melilla e as seguintes provincias ou comarcas veterinarias:

As provincias de Cádiz, Málaga, Sevilla, Huelva, Córdoba, Toledo e Ciudad Real.

Provincia de Jaén: as comarcas veterinarias de Alcalá la Real, Huelma, Úbeda, Linares, Andújar, Jaén e Santiesteban del Puerto.

Provincia de Ávila: as comarcas veterinarias de Arenas de San Pedro, Candeleda, Cebreros, Las Navas del Marqués, Navalunga e Sotillo de la Adrada.

Provincia de Salamanca: as comarcas veterinarias de Béjar, Ciudad Rodrigo e Sequeros.

Comunidade de Madrid: as comarcas veterinarias de Aranjuez, El Escorial, Griñón, Navalcarnero, San Martín de Valdeiglesias, Arganda del Rey, Villarejo de Salvanes, Alcalá de Henares, Torrelaguna, Colmenar Viejo e municipio de Madrid.

Provincia de Albacete: a comarca veterinaria de Alcaraz.»

Dous. O artigo 4.2 substitúese polo seguinte:

«2. Nos movementos previstos no número anterior farase constar no certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei de sanidade animal, ou como documentación adxunta, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, se for o caso, tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación desas medidas e, nos casos en que así proceda de acordo con este artigo, a documentación acreditativa do resultado das análises de laboratorio efectuadas a tales animais, cando for o caso, a data de vacinación e o tipo de vacina administrada e a identificación do recinto do medio de transporte.»

Tres. O artigo 6.3 substitúese polo seguinte:

«3. Nos movementos previstos no número anterior farase constar no certificado oficial de movemento previsto no artigo 50 da Lei de sanidade animal, ou como documentación adxunta, ademais da identificación dos animais obxecto de movemento, a documentación acreditativa do desinsectante ou repelente empregado (incluído o produto usado, data de aplicación e, se for o caso, tempo de espera), así como a identificación do responsable en orixe da aplicación desas medidas, e, nos casos en que así proceda de acordo con este artigo, a identificación do recinto do medio de transporte.»

Catro. O primeiro parágrafo do artigo 7 substitúese polo seguinte:

«Non obstante o previsto nos artigos anteriores, poderanse autorizar, cos requisitos mínimos seguintes, os movementos de reses de lida desde zona restrinxida con destino a espectáculos taurinos celebrados en zona libre:»

Cinco. O primeiro parágrafo do artigo 8.1 substitúese polo seguinte:

«1. Poderanse autorizar os movementos de reses de lida non vacinadas desde zona restrinxida con destino a espectáculos taurinos celebrados en zona libre, cos seguintes requisitos mínimos:»

Seis. O primeiro parágrafo do artigo 13 substitúese polo seguinte:

«Para os movementos a zona libre de animais das especies equinas con orixe en explotacións situadas na zona restrinxida, deberanse cumprir as seguintes condicións:»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de xuño de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

10823 *ORDE APA/1922/2006, do 16 de xuño, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria.* («BOE» 144, do 17-6-2006.)

A gripe ou influenza aviaria altamente patóxena é unha doenza infecciosa das aves, incluída na lista do Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal, causada por estirpes A do virus da gripe. As medidas específicas de loita contra a doenza están reguladas polo Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, que establece medidas para a loita contra a influenza aviaria, que traspón a Directiva do Consello 92/40/CEE, do 19 de maio, pola que se establecen medidas comunitarias para a loita contra a influenza aviaria.

Ante a situación existente, a Comisión Europea adoptou varias decisións para evitar a introdución desta doenza na comunidade desde os terceiros países afectados ou para a loita contra ela, a última das cales é a Decisión 2006/321/CE, da Comisión, do 28 de abril de 2006, pola que se modifican as decisións 2005/710/CE, 2005/733/CE e 2005/758/CE respecto á ampliación do período de aplicación de determinadas medidas de protección en relación coa gripe aviaria altamente patóxena en Romanía, Turquía e Croacia.

A Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no seu artigo 8.1, dispón que, para previr a difusión no territorio nacional de doenzas dos animais de declaración obrigatoria previstas no Código Zoonosanitario Internacional da Oficina Internacional de Epizootias ou na normativa nacional ou comunitaria, en especial, daquelas de alta difusión, ou para previr a extensión de tales doenzas en caso de existencia de casos sospeitosos ou confirmados ou de grave risco sanitario, a Administración xeral do Estado poderá adoptar todas aquelas medidas preventivas que foren precisas.

En función da actual situación, tendo en conta que non se detectaron casos en España, e de acordo coa avaliación do risco efectuada, procede modificar as medidas adoptadas mediante a Orde APA/571/2006, do 2 de marzo, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa influenza aviaria, en especial para eliminar o encerro das aves de curral en determinadas zonas do territorio nacional, manténdose as necesarias actuacións de vixilancia e control, e a posibilidade de vacinación das aves dos parques zoolóxicos.

Razóns de seguranza xurídica aconsellan, dado o alcance das modificacións, a aprobación dunha nova orde, que derroga a anterior, o cal facilitará a súa aplicación.

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira primeira do Real decreto 1025/1993, do 25 de xuño, polo que se establecen medidas para a loita contra a influenza aviaria, dispoño:

Artigo 1. *Obxecto.*

O obxecto desta orde é establecer medidas específicas de protección contra a influenza aviaria.

Artigo 2. *Definicións.*

1. Para os efectos desta orde serán de aplicación as definicións previstas no artigo 3 da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, no artigo 2 do Real decreto

1025/1993, do 25 de xuño, que establece medidas para a loita contra a influenza aviaria e no artigo 2 do Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro xeral de explotacións gandeiras.

2. Así mesmo, entenderase como:

a) Aves de curral: todas as aves que se crían ou teñen en cativeiro co obxecto de producir carne, ovos para incubar e ovos destinados ao consumo, así como para producir outros produtos comerciais, repor as existencias de caza ou para a reprodución destas categorías de aves.

b) Aves silvestres: as aves que viven en liberdade e non en explotación.

c) Outras aves cativas: calquera ave distinta das de curral, que se teñen en cativeiro para mostras, carreiras, exposicións e competición, como as aves ornamentais e as pombas de competición, ou por outras razóns distintas das expostas na alínea a).

d) Parque zoológico: todo establecemento permanente onde se manteñan animais de especies silvestres para a súa exposición ao público durante sete ou máis días ao ano, con excepción dos circos e as tendas de animais; ou un organismo, instituto ou centro oficialmente autorizado segundo se definen no artigo 2.1.c) do Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, polo que se establecen as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e as importacións procedentes de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección I do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.

e) Explotación non comercial: a explotación en que os propietarios das aves de curral ou outras aves cativas as teñen para consumo persoal ou para uso propio, ou como animais de compañía.

Artigo 3. *Zonas de especial risco.*

1. Considéranse factores de risco de introdución da influenza aviaria, os seguintes:

a) Existencia de datos de recuperacións de aves procedentes de zonas en que se declararon focos de doenza ou doutras zonas consideradas de especial risco.

b) Densidade media elevada de aves migratorias nos zonas húmidas.

c) Densidade elevada de explotacións de aves de curral próximas a zonas húmidas, estanques, encoros, lagos ou ríos onde as aves migratorias poidan reunirse.

d) Imposibilidade ou dificultade de evitar suficientemente o contacto entre as aves de curral ou outras aves cativas e as aves silvestres.

2. Tendo en conta estes factores, considéranse como zonas de especial risco de introdución da influenza aviaria aquelas marismas, ribeiras, franxas costeiras ou lacustres e calquera outra zona húmida que figuran no anexo I.

Nos municipios situados en ou arredor destas zonas, incluídos no anexo II, adoptaranse as medidas específicas previstas nos artigos 5 e 8.2, por razóns epidemiolóxicas, ecolóxicas ou xeográficas.

Artigo 4. *Zonas de especial vixilancia.*

1. Considéranse zonas de especial vixilancia para a detección precoz da influenza aviaria as áreas xeográficas que reúnan, polo menos, algún dos seguintes requisitos:

a) Existencia de datos sobre concentracións elevadas de aves silvestres.

b) Densidade elevada de explotacións de aves de curral próximas ás zonas de concentración de aves silvestres.

c) Imposibilidade ou dificultade de evitar suficientemente o contacto entre as aves de curral ou outras aves cativas e as aves silvestres.